

# Onstopus

**Xornal:** anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

Nº53/ Ano: 2022 / 1º xornal Mes de agosto / Estado de Néboa

Para comunicar con Onstopus: [tinopardellas1957@gmail.com](mailto:tinopardellas1957@gmail.com) / [celestinopardellas@gmail.com](mailto:celestinopardellas@gmail.com)



## ONS ARQUEOLÓXICA

Interesantes escavacións no Castro dos Mouros. Parece que, a partir de setembro, continuarán. Esperamos a súa musealización e organización de visitas guiadas para o ano.  
Castro dos Mouros Páx.1



**MISCELÁNEA**

**FOTOGRAFICA Xullo 2022** Páxs. 2 - 5



## ONS ARQUEOLÓXICA

### Escavacións no Castro dos Mouros

Con grande alegría recibiamos a nova (publicada na Voz de Galicia, con foto de Mónica Irago) que comezaron as escavacións no Adro Vello, O Carreiro, parroquia de San Vicente de O Grove e que o arqueólogo, xunto co seu equipo, que leva estas novas tarefas é Adolfo Fernández, o mesmo que está escavando en Ons.

Sorprende que, aos poucos días de comezar o seu traballo no Carreiro xa, dende a Xunta, se organizaran as primeiras visitas guiadas e, sen embargo en Ons, non estea nin sinalizado o camiño para que todas aquelas persoas interesadas e que seguiron con moita satisfacción, despois de 40 anos solicitándoo, as novas das escavacións nos medios de comunicación, ao chegar a Ons e ir ata o barrio de Canexol, non estea indicado o lugar do achado para poder visítalo.



*Nova na Voz de Galicia, Arousa, 22/07/2022*

*La Xunta ha programado dos fechas para que todos aquellos que lo deseen vean de cerca la necrópolis romana, y además puedan gozar de las explicaciones de arqueólogos, antropólogos y restauradores.... El coordinador del proyecto y director de las excavaciones, Adolfo Fernández, será el encargado de realizar las visitas guiadas....*

En Ons só tiveron a sorte dunha visita guiada o Presidente da Xunta, Conselleira e demais políticos, xunto coa prensa.



Nas fotos da esquerda podemos ver, primeiro o cruce que, desde o camiño de rodeiras que vai de Curro a Canexol, conduce ata o Castro. Á súa dereita o mesmo camiño limpadado para a ocasión da visita do Presidente da Xunta. Aí, no mesmo cruce, poderían poñer un cartel que informara da posible visita ás escavacións.

Nas fotos pequenas da dereita, vemos o novo achado dunha casa circular sobre a que hai que seguir escavando e investigando.

Coido que estamos ante un Castro de interesantes dimensións e que poderá darnos moitísima información sobre os poboadores da Illa de hai 2000 anos e quizais sobre as posibles relacións con outras culturas.

Confiemos nas palabras do Director do Parque que dixo que as escavacións continuarán no mes de setembro de 2022.



**Foto esquerda:** Enorme figueira que se atopa ao pé do Castro dos Mouros. Seguindo o camiño chegaremos á Cova dos Mouros.

**Foto dereita:** Barrio de Canexol. Dous enormes piornos, dos máis grandes do Morrazo e Salnés, xunto á Casa Grande agrícola, que despois foi reitoral e escola.





Agradecemos a Davila o deixarnos publicar esta viñeta que, como podedes observar, é do ano 2015, pero que está en plena actualidade na nosa terra. Os gobernantes galegos non teñen preocupación pola natureza.



Cando pechaba o nº 52 de Onstopus, tiven a sorte de atoparme con, Lorenzo, o fillo de Staffan Mörling, que coñecín cando era só un neno, e que agora recolleu o legado do seu pai. Foi moi interesante a conversa, aínda que moi rápida xa que tiña que marchar, pero quedamos en seguir en contacto. Interesante.



Un Campamento da Xunta sen sombra. Dende 1980 non foron quen de buscar unha solución.



### FONTE DE CAÑO

A fonte coa mellor auga de toda a Illa. Tiña a súa saída nunha pequena rocha e moi baixa para poder poñer un balde ou garrafa debaixo, co que, para encher unha bombona de auga de 25 L., tiñas que facelo en recipientes pequenos dun máximo de 5 L. Din que perdeu a auga ao facerse ao seu redor varios pozos de barrena.

### NOVAS LATRINAS

Parabéns para Parques pola iniciativa de facer unha latrinas en Curro. Dan un servizo perfecto e necesario ás miles de persoas que visitan a Illa.

**RUTA XACOBEA**  
**“IACOBUS MARIS”**  
Despois de anos solicitando Pineiróns a consolidación, por parte da Xunta, dunha Ruta Marítima Xacobeá real en Galicia, tivo que ser este ano cando a alguén se lle deu por valorar esa singradura que os discípulos do apóstolo, segundo a lenda, fixeron co corpo de Santiago. Esta nova Ruta o conmemora, só esperamos que se consolide, polo menos a parte galega dende A Garda, e que as Illas que forman parte do Parque Nacional sexan protagonistas dela tendo obrigatoriamente que selar en cada unha a Compostela.





# MISCELÁNEA FOTOGRÁFICA

## ONS XULLO 2022 (II)

### OS CAMIÑOS, SENDEIROS E CORREDOIRAS DE ONS

Pasear pola Illa podemos clasificalo coma unha <sedución natural>. Os pequenos camiños, sendeiros e corredeiras están nun magnífico estado para deambular en contacto coa natureza.



Sendeiro no barrio de Caño camiño do cemiterio e Canexol.



Camiño que, dende o sendeiro anterior (esquerda), vai cara á Enseada de Caniveleñas



Corredeira que dende o Campamento da Xunta vai á Enseada de Caniveleñas



Camiño que dende Curro e a carón do mar, chega á engaiolante praia de Melide




#### SENDEIRO-ATALLO QUE DENDE CURRO SUBE ATA O CAMIÑO DO FARO

Empregado por veciños que viven en Curro alto e Chan da Pólvora, así como tamén por campistas para atallar. Habería que písalo ben e limpalo de maleza.

#### CAMIÑO QUE DENDE CURRO VAI A PEREIRÓ

Deberían continuar as rodeiras que hai máis de 40 anos deixaron estancadas na entrada do barrio de Pereiró

#### CAMIÑOS QUE HABERÍA QUE MELLORAR MOITO



#### CAMIÑO DE LOUSAS CARA AO FARO

Este camiño de lousas que vai dende o Faro ata o peirao, comezouse sobre o ano 2005 e realizouse en varias etapas.

A primeira, entre o Faro ea fronteira entre Curro alto e Chan da Pólvora, xa dende o primeiro ano de construción, comezouse a notar un serio deterioro, polo que informamos a Parques, con fotos, nos nosos Informes. Dixéronos que ían solucionalo, pero pasaron xa 15 anos, aprox., e cada ano vai a peor e iso que o tránsito de vehículos por el é mínimo.





# MISCELÁNEA FOTOGRÁFICA

## ONS XULLO 2022 (III)



A Música Popular, tamén forma parte de Ons e, polo tanto, do Parque Nacional. Recorda aqueles cánticos que os mariñeiros realizaban nas tabernas da Illa ao vir de faenar.



### O FARO DE ONS

O Faro, uns dos símbolos desta Illa, atópase apesado. Durante este pasado mes de xullo soubo que pronto, os seus moradores e coidadores, os Fareiros, deixarán este edificio debido a que, dende a Autoridade Portuaria decidiron a súa automatización.

Agora xorde a grande pregunta: Que pasará con el? Dende logo esperemos que non se converta noutro restaurante ou hotel, Ons ten moito que ensinar e converterse nun Museo, sería o ideal.



# MISCELÁNEA FOTOGRÁFICA

## ONS XULLO 2022 (IV)

Que pasa na Illa de Ons?  
Sucesos paranormales?



1 personaxes, quizais espías ruso-ianquis, están na procura de datos.



2 Na praia de Melide aparecen Tótems e Miliarios de orixe descoñecido.



3 Sucesos *extraños* que afectan aos animais: cabalos que morden, coellos sen orellas, merlos de dúas cores, polbos formando floreiros,...

Foto: Mariana Álvarez



4 Aparece en Melide, unha formación de dubidosa procedencia, quizais lugar de aterraxe de naves de orixe descoñecido, aínda que din que é para erradicar canas, pero algo ten que causa desconfianza....



5 Dende o goberno, póñense en contacto con Pepino para que investigue o que pasa, e este, á súa vez, encarga ao "Pevasa" (Pepe de Miro-Varu Camawei S.A.) que investiguen estes *extraños* sucesos. Pronto xorden resultados...



6 Camuflado de petróglifo a carón do Centro de Visitantes, atopan un alieníxena, que non paraba de dicir: *Cervexiña – Ramón Bilbao, tamén quero!!!* Tapárono e levárono, antes que os adeptos a Pepino se deran conta e o entregaran ao Goberno.



Ante semellantes sucesos, a xente foxe espavorecida. *Todo parecido coa realidade, pura coincidencia.* Páx. 5